Textos escritos

Literarios

Narracións

Conto e **fábula** son curtos. A fábula ten unha ensinanza. A **novela** é longa.

- **Inicio:** na primeira parte preséntanse aos personaxes, cal é o tema ou problema e onde e cando sucede a historia.
- **Nó:** aquí vaise desenvolver a temática principal da narración. É a parte máis longa. Conta as historias que van a realizar os personaxes para lograr resolver o problema que se presenta no inicio.
- **Desenlace:** a última parte da narración onde se vai presentar a solución ao problema co que se atoparon os personaxes no inicio.

Teatro

Contén **diálogos**. Dividido en **actos**. Pode ter **acotacións**

Todo texto teatral conta cunha serie de características en común. Xeralmente non ten narrador. Pode contar con un ou varios personaxes. Pode estar escrito en prosa ou verso.

Poesía

Busca a beleza dos textos mediante o uso de recursos como a **métrica** e a **rima**.

- **Os versos**: son as liñas dos poemas. Estes poden ter rima entre eles. Clasifícanse seguindo o número de sílabas que ten cada verso.
- **As estrofas:** son os conxuntos de versos que van seguidos dun punto e aparte ou un punto final. Estes versos deben lerse de maneira conxunta. Podemos clasificar os poemas en función dos versos que teña cada estrofa.

"Esquema textos escritos literarios", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0